

CONCELLOS**BECERREÁ***Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA SEGUNDA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NA MODALIDADE DE PRESTACIÓN BÁSICA.

DURACIÓN: A bolsa permanecerá vixente durante 2 anos.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Becerreá, no prazo de SETE (7) días naturais contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello e a súa páxina web.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran á súa disposición nas oficinas do Concello de Becerreá e na web <http://www.concellodebecerrea.com/>.

Becerreá, 6 de novembro de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3302

BEGONTE*Anuncio*

Por Resolución desta Alcaldía de data 2 de novembro de 2017, acordouse incoar o expediente de investigación para determinar a titularidade e existencia do camiño que parte da pista do núcleo de A Vila-Begonte e une coa estrada CP-0722 de Trobo (camiño que discurre entre as parcelas catastrais 326, 327, 328, 329, 342 e 451, do polígono 33), do catastro de rústica deste municipio. De conformidade co establecido nos artigos 49.1 e 50 do Regulamento de Bens das Entidades Locais - aprobado polo Real Decreto 1372/ 1986, de 13 de xuño - faise público aos efectos de que os afectados polo devandito expediente poidan alegar por escrito canto estimen conveniente a dereito e acompañar os documentos nos que funden as súas alegacións, todo elo polo prazo de un mes a contar desde o seguinte ao que deba darse por terminada a publicación de anuncios no taboleiro da Corporación.

Begonte, a 6 de Novembro de 2017 O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 3303

CASTRO DE REI*Anuncio*

Téndose elevado a definitivo, ó non presentarse reclamacións, o acordo de aprobación inicial, adoptado polo Pleno da Corporación Municipal, na sesión ordinaria do día 14 de xullo de 2017, do REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA RESIDENCIA SAN XOÁN DE CASTRO DE REI, publícase o texto íntegro do mesmo en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

REGLAMENTO DE REGIMEN INTERNO RESIDENCIA SAN XOAN.**1. IDENTIFICACIÓN DE LA ENTIDAD. DEFINICIÓN DEL CENTRO.**

ENTIDAD TITULAR: _____

CIF: _____

DIRECCIÓN: _____

CENTRO: RESIDENCIA "SAN XOAN"

Nº DE REGISTRO DE ENTIDADES: Residencia para personas mayores: E-5423 – C-002

PERMISO DE INICIO DE ACTIVIDADES: 15 de julio de 2013

Nº DE PLAZAS AUTORIZADAS:

34 plazas residenciales

2 de enfermería.

Nº DE REXISTRO DE ENTIDADES. Centro de día para Mayores: E-5423-C004